CASA DO QUEIXO
GRIXALBA

CATÁLOGO DE ACTIVIDADES
CURSO 2026/2027

GRANXA ESCOLA - ALBERGUE - RESTAURANTE - CASA MUSEO




AVADA

SOBRE NÓS...

Na Casa do Queixo de Grixalba levamos desde o ano 2000 achegando o rural aos centros educativos a través de experiencias prácticas, participativas e adaptadas ás diferentes idades.

En plena zona núcleo da Biosfera & ecoTurismo MARIÑAS CORUÑESAS e TERRAS DO MANDEO RESERVA DE BIOSFERA





A carón da Cova da Serpe, nas terras onde nacen os ríos Tambre e Mandeo



A 10km do Mosteiro e a lagoa de Sobrado, lugares que paga a pena visitar!

Coidar e dar de comer aos animais. Facer un queixo coas propias mans. Seguir as pegadas da fauna dos nosos bosques. Entrar nun muíño e velo moer de novo. Descubrir os bichiños que nos contan se a auga está en boas condicións. Aprender como se vivía nunha casa galega hai máis dun século... Experiencias que non se esquecen!

AS INSTALACIÓNS



1.Ruta dos Muíños / 2. Queixería & Tenda de Queixos / 3. Restaurante
4. Casa Vella Museo / 5. Granxa Escola / 6. Piscina / 7. Albergue
8. Horta, Invernadoiro e Composteiro / 9. Pendello educativo e carpa

AS INSTALACIÓNS



Granxa escola con establos cubertos onde podemos coñecer ao noso burro, bestas, cabuxas, ovellas e vacas. Tamén contamos con espazos ao aire libre onde coñecer a patos, ocas, galiñas e coellos.

Albergue adaptado a persoas con mobilidade reducida, con 48 prazas dispoñibles distribuidas en 8 cuartos con 6 camas en liteiras e un baño cada dous cuartos. Conta con sala de xogos e auditorio.





Casa Vella rehabilitada como Museo Etnográfico. Conta con múltiples obxectos da vida cotiá nunha casa da aldea dos séculos XIX e XX.

Restaurante e comedor para eventos con menú degustación, cociña propia e produtos ecolóxicos e de comercio local, con menús equilibrados e adaptados a alerxias, intolerancias e dietas específicas.



AS INSTALACIÓNS



Espazos exteriores e interiores onde poder desenvolver actividades e desfrutar dos tempos libres: sala de xogos con tenis de mesa e futbolín; Aula Multiusos con proxector; campa exterior; Aula do Pan e Aula do Queixo e Pendello con aparellos de labranza.



Piscina dispoñible para campamentos e excursións con pernocta en primavera e verán



Horta e invernadoiro nos que achegarse á permacultura e horta ecolóxica.



Conxunto de muíños en pleno funcionamento, no Rego do Carballal, afluente do Mandeo, en pleno SM18 - Ruta dos Muíños de Grixalba. O Muíño do Tereso foi restaurado en 2026 e é visitable e podemos poñelo a funcionar.



Conxunto etnográfico con recreación dun poboado castrexo e conxunto monolítico a modo de calendario solar.

Un día na Casa do Queixo

VISITA EDUCATIVA



10:00 h. — Benvida

11:00-13:30 h. — Rotación de 2 actividades e merenda

13:30 h. — Xantar

14:30-16:30 h. — Rotación de 2 actividades

16:45 h. — Despedida

*Durante a xornada realízanse ata 4 actividades a escoller. O horario pódese adaptar ás necesidades de cada centro. Podedes traer o voso menú ou contratar o noso Menú de Excursión e o Menú Degustación no Restaurante para acompañantes. Lembrade que dispoñemos dun albergue, por se vos animades a pasar na granxa máis dunha xornada.

PROPOSTAS EDUCATIVAS



UN DÍA NA GRANXA

Tocar, experimentar e descubrir

Animais de granxa / Obradoiro de queixo

Olería / Lá de ovella

*Recomendada para Educación Infantil e Primaria

DA GRANXA Á MESA

De onde vén o que comemos?

Animais de granxa / Obradoiro de queixo

Horta ecolóxica / Obradoiro de pan

*Recomendada para Educación Infantil e Primaria





O BOSQUE ANIMADO

Explorando a fauna e flora das nosas fragas

Rastros e pegadas / Ornitoxogo

Ruta dos muíños / Invertebrados do río

*Recomendada para Primaria / E.S.O.

A NOSA HISTORIA

Pasado e futuro das nosas aldeas

Ruta dos muíños / Poboado castrexo

Viaxe ao pasado (Casa Vella) / Obradoiro de queixo

*Recomendada para 5º/6º de Primaria / E.S.O.



TARIFAS 2026/2027

Visita escolar - Un día na granxa

Outubro - Abril

25 € por alumno/a

Maio - Xuño

27 € por alumno/a

Menú Excursión

8 € por alumno/a

Menú Degustación

18 € por acompañante

Campamentos / viaxes de fin de curso

2 días / 1 noite: 100€
3 días / 2 noites: 175€
4 días / 3 noites: 225€

*Todos os prezos inclúen o IVE vixente, así como os materiais, seguros de responsabilidade civil e equipo de monitorado. *Se contratades o Menú Excursión (crema de verduras, macarróns con verduras e iogurt), inclúe 1 menú de balde para docentes/acompañantes por cada 10 participantes.

ACTIVIDADES & OBRADOIROS



Gastronomía

- Obradoiro de queixo
- Obradoiro de pan
- Horta ecolóxica



Oficios

- Animais de granxa
- Lá de ovella
- Olería



Educación Ambiental

- Invertebrados do río
- Rastros e pegadas
- Bingo ambiental
- Ornitoxogo



De tempada

- Magosto
- Entroido
- Os Maios
- Herbas de San Xoán



Historia

- Ruta dos muíños
- Viaxe ao pasado (Casa Vella)
- Poboado castrexo



Lecer

- Xogos tradicionais
- Tiro con arco
- Música con cotidiáfonos
- Ximkana de orientación

AS ACTIVIDADES EN DETALLE

Gastronomía

Obradoiro de queixo: Coñeceremos a transformación do leite en queixo, mentres elaboramos coas nosas mans un dos alimentos máis tradicionais da nosa terra.

Obradoiro de pan: achegarémonos ao proceso de converter cereais en pan, meteremos as mans na masa para descubrir como elaborar deliciosos bolos.

Horta ecolóxica: visitaremos os invernadoiros e coñeceremos os coidados básicos dos nosos cultivos, e sementaremos algunha hortaliza pra nos levar a casa.





Oficios

Animais da granxa: Realizaremos un percorrido pola nosa granxa coñecendo os seus coidados e necesidades, realizando os labores diarios do seu mantemento.

La de ovella: Achegarémonos ao oficio das fiandeiras e ao proceso de extracción e elaboración das madeixas de lá. Ademais aprenderemos técnicas de fiado.

Olería con arxila natural: Aprenderemos a realizar obxectos de uso cotián con arxila natural seguindo técnicas e utilizando ferramentas neolíticas.

AS ACTIVIDADES EN DETALLE

Educación Ambiental

Rastros e pegadas: identificar as pegadas dos animais que nos rodean, as pistas que van deixando... Tamén aprenderemos a agochar as cámaras de fototrampeo e visualizaremos os videos das que temos instaladas no bosque!

Ornitoxogo: Coñeceremos as aves da contorna e sairemos identificalas: aprenderemos a utilizar as novas tecnoloxías para o recoñecemento dos cantos.

Invertebrados do río: No regato que rodea a instalación, aprenderemos a analizar o estado dos nosos ríos en base aos macroinvertebrados que os habitan.

Bingo ambiental: Sairemos coñecer as especies de flora das fragas do Mandeo, coñecendo as especies máis habituais, as súas características e usos.







Lecer

Tiro con arco: Adentrarémonos na súa vertente deportiva para aprender as súas técnicas que finalmente poderemos poñer en práctica nun xogo por equipos.

Xogos tradicionais: Coñeceremos os principais xogos tradicionais de Galicia e poremos en prácticas as nosas habilidades.

Música tradicional con cotidiáfonos: faremos a nosa composición musical con elementos de percusión doméstica ao alcance de calquera.

Ximkana de orientación: Achegarémonos aos principais métodos de orientación nunha divertida ximkana pola contorna.

AS ACTIVIDADES EN DETALLE

Específicas según tempada

Magosto: Faremos unha ruta polo bosque de outono, admirando as súas cores e recollendo castañas pra degustar tras asalas na lareira.

Entroido: faremos un percorrido polos entroidos senlleiros de Galicia e decoraremos as nosas pantallas e máscaras, tras aprender a facer rosquillas!

Os Maios: celebraremos a chegada da primavera coñecendo esta tradición, decorando os nosos propios Maios e inventando coplas para cantarlles.

Herbas de San Xoán: descubriremos as plantas e tradicións vencelladas a esta noite máxica e prepararemos a noso cacho de San Xoán para espantar o meigallo.







E MOITO MÁIS NA CONTORNA...

ETNOGRAFÍA E HISTORIA



COVA DA SERPE

Mitos e lendas arredor da cova que dá nome á serra, nunha paisaxe marcada pola presenza de mámoas, petróglifos e outros vestixios do noso pasado. E todo isto cunhas vistas impresionantes.



A VIDA CASTREXA

Visita á recreación dun poboado castrexo a escasos metros da Casa do Queixo, onde recrear como era a vida na Galicia dos castros e caracterizarnos da época.



OS MUÍÑOS NA NOSA CULTURA

Ao longo da ruta achegarémonos ao seu funcionamento e aos usos tradicionais, e poderemos entrar nun deles e poñelo en funcionamento para descubrir de primeira man como se moía o gran antigamente.



AS NEVEIRAS MEDIEVAIS

Visitaremos unha neveira da Idade Media relacionada có Mosteiro, e coñeceremos como os monxes medievais promovían estas construcións onde almacenar o xeo para refrescarse e conservar alimentos durante todo o ano.

TAMÉN VOS PODEMOS GUIAR POR...

ETNOGRAFÍA E HISTORIA



DOLMEN DE FORNO DE MOUROS

Unha das primeiras mámoas excavadas deixou á vista este imponente monumento funerario no que se atoparon pinturas. Moi preto da misteriosa Pena da Moura e da preciosa Fervenza de Brañas, que podemos incluír na visita.



MOSTEIRO DE SOBRADO

Cunha historia de máis de mil anos e unha impresionante arquitectura barroca. Podemos percorrer os seus claustros e descubrir espazos únicos como a igrexa, a cociña ou a antiga sala capitular.



O BATÁN DE MEZONZO

Conxunto etnográfico senlleiro situado á beira do río, movido pola forza da auga, empregado tradicionalmente para traballar e compactar os tecidos de la. Unha visita para descubrir os oficios e formas de vida do rural galego.




CAMPAMENTO ROMANO

Visita guiada ao xacemento de A Ciadella, onde vivían entre 500 e 600 soldados da Cohors I Celtiberorum, protexendo o traxecto entre Brigantium (A Coruña) e Lucus Augusti (Lugo) durante o Imperio Romano.

Aproveitando a vosa viaxe en autobús á chegada ou saída!

SÍ... SABÉMOLO: VENDO TODO ISTO, UN DÍA NON CHEGA!

VIAXES DE FIN DE CURSO E CAMPAMENTOS



O noso albergue xuvenil, renovado e completamente adaptado, conta con 48 prazas, piscina, comedor, espazos para xogos e veladas máxicas..
E se queredes unha aventura diferente, tamén podemos montar unha acampada no muíño! (unha noite non é nada...)
Na Casa do Queixo de Grixalba deseñamos viaxes de fin de curso para todas as idades, adaptando actividades, ritmos e aventuras a cada grupo.
Unha noite, dúas ou tres: vós poñedes os días e nós faremos que cada minuto conte. Porque durmir na granxa tamén é unha aventura!

Contádenos a vosa idea de viaxe de fin de curso e vos faremos unha proposta de campamento a medida sen compromiso!

VIAXE DE FIN DE CURSO

Exemplo de cronograma para un campamento inesquecible

Día	1	2	3	4
9:00		Almorzo		
10:00	Visita guiada Campamento Romano de A Ciadella	Granxa / Horta	Granxa / Horta	Excursión ao Mosteiro e Lagoa de Sobrado dos Monxes
11:30		Merenda		
12:00		Queixo	Pan	
14:00		Xantar		Xantar de picnic
15:00		Tempo libre		Despedida!
16:00	Xogo Descuberta	Rastros e pegadas	Gran xogo	
17:30		Merenda		
18:00	Gran Xogo	Ruta e Bingo Ambiental	Percusión doméstica	
19:30		Aseo		
20:30		Cea		
21:30	Furor	Ruta Nocturna	Foliada	
23:00		Asamblea e ata mañá!		

AVADA

DÚBIDAS FRECUENTES

- ## E se chove?

  Contamos con moitos espazos a cuberto, polo que a meirande parte das actividades poden levarse a cabo igualmente en días de chuvia.

- ## Podemos levar a comida?

  Claro! Se non contratades os nosos menús, podedes facer uso dos nosos comedores sen custo adicional para comer o que traiades da casa.

- ## O profesorado ten que acompañar ao grupo?

  O noso equipo de monitorado dirixe as actividades. O profesorado pode acompañar os grupos cando o estime oportuno, pero non é indispensable.

- ## E as alerxias e intolerancias?

  Adaptamos os menús e as actividades a alerxias, intolerancias e dietas específicas: antes da visita contactaremos pra confirmar estes detalles e adaptar o que sexa preciso!

- ## Que temos que levar?

  Roupa e calzado axeitado segundo a época do ano e as actividades previstas!

- ## Cantos participantes pode haber?

  Facemos estas actividades para un mínimo de 20 participantes e un máximo de 180, que dividimos en grupos de 10/12 participantes por cada monitora.

- ## E se temos alumnado con necesidades específicas?

  Adaptamos todas as actividades ás idades, características e necesidades do alumnado. As instalacións e o albergue están adaptados para persoas con mobilidade reducida e coordinámonos previamente co centro cando existe alumnado que require apoio ou acompañamento específico. O noso obxectivo é que todas as persoas do grupo poidan participar da experiencia.



CASA DO QUEIXO
GRIXALBA

AVADA

Información e reservas:

696 535 370

info@casadoqueixo.com
info@avada.gal

@casadoqueixogrixalba
@avada.gal

www.casadoqueixo.com
www.avada.gal